

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS TERRA DE CELANOVA

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL*

Aprobación definitiva e publicación da Ordenanza reguladora da prestación de axudas de emerxencia social

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente considerado definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora de prestación de axudas de emerxencia social, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do que establece o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Texto acordo plenario de aprobación do 4 de setembro de 2024

“Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora de prestación de axudas de emerxencia social, coa redacción que a continuación se recolle:

#### **Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social da Mancomunidad Terra de Celanova**

##### Exposición de motivos

O artigo 1 da Constitución española de 1978 establece que “España constitúese nun Estado social e democrático de dereito”. Esta declaración de intencións introducida no primeiro dos seus artigos resalta a necesidade e importancia de que o Estado desenvolva unha acción positiva para a consecución do benestar das cidadás e dos cidadáns mediante unha serie de vías e instrumentos, entre eles, os servizos sociais.

Aínda que no texto constitucional non se contén un tratamento directo dos servizos sociais (a beneficencia en si mesma non aparece mencionada, e a asistencia social tan só se menciona nun artigo, o 148.1.20), si se establece un recoñecemento implícito do dereito a eses servizos, ás veces en forma de compromiso (dereito á educación -artigo 27-; réxime público da Seguridade Social -artigo 41-; saúde pública -artigo 43-; medio ambiente e mellora da calidade de vida -artigo 45-; política de vivenda –artigo 47; defensa dos/as consumidores/as e usuarios/as -artigo 51)- etc.), ou ao tratar distintos grupos subxectivos (familia -artigo 39-; xuventude -artigo 48-; emigrantes –artigo 42- etc.).

O que si recoñece explicitamente a Constitución é a competencia das comunidades autónomas en materia de asistencia social (artigo 148.1.20), e por iso o noso Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no artigo 27.23 a competencia exclusiva de Galicia nesa materia.

Dentro deste marco xurídico, promulgouse a vixente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os Servizos Sociais en Galicia, para a construción do “sistema galego de benestar”. Segundo o disposto no artigo 8 desta: “O sistema galego de servizos sociais estruturase en forma de rede, consonte a dous niveis



de actuación: a) Servizos Sociais comunitarios, que comprenden, a súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos e b) Servizos sociais especializados”; e atribúeselles aos concellos no artigo 60 a competencia para a “creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos”, dentro dos cales podemos incluír as prestacións económicas consistentes en axudas de emerxencia e necesidade social. Estas axudas teñen por finalidade proporcionar a atención necesaria a aquelas persoas ou familias que atravesan por una situación de especial dificultade, debido á imposibilidade para lles facer fronte a determinados gastos imprescindibles para levar un nivel de vida digno (vestido, vivenda...), ou incluso ás veces, para salvagardar a propia supervivencia (alimentación, asistencia médica...).

A Mancomunidad Terra de Celanova establece nesta ordenanza as bases para regular a concesión das axudas municipais de emerxencia social co obxectivo de garantir a máxima transparencia e eficiencia na súa xestión; se ben é necesario resaltar que a súa concesión seguirá o procedemento excepcional de concesión directa (e non o normal de concorrencia competitiva) atendendo ás razóns de interese público, social e humanitario que priman na súa regulación.

## Contido

A parte dispositiva da ordenanza divídese en 29 artigos, agrupados en 9 capítulos, conforme ao seguinte esquema:

Capítulo I: disposicións xerais

Capítulo II: axuda de emerxencia social

Capítulo III: beneficiarios

Capítulo IV: normas de procedemento

Sección primeira - inicio

Sección segunda – tramitación

Sección terceira – resolución

Capítulo V: desistencia e renuncia

Capítulo VI: control, xustificación e reintegro das axudas

Capítulo VII: réxime sancionador

Capítulo VIII: réxime de recursos

A parte final da ordenanza componse de dúas disposicións finais e complétase con catro anexos que conteñen o modelo de solicitude (Anexo I), a documentación que cómpre presentar (Anexo II), a declaración responsable das axudas recibidas (Anexo III), e a declaración responsable de ingresos e de patrimonio de todos os membros da unidade familiar de convivencia (Anexo IV)

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da concesión das axudas de emerxencia social coa finalidade de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas non cubertas polos diferentes sistemas públicos, tratando de paliar ou evitar as consecuencias físicas, psíquicas e sociais que a dita carencia de recursos provoca cando afecta ao normal desenvolvemento das persoas en sociedade.



## Artigo 2. Fundamento

Segundo o art. 6 dos Estatutos da Mancomunidade Terra de Celanova “A Mancomunidade réxese polos seus propios Estatutos, pola Lei reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e as demais normas en vigor aplicables aos concellos, relacionadas co réxime organizativo e de funcionamento, réxime estatutario dos/as funcionarios/as, réxime dos seus bens e facenda”, ao mesmo tempo, segundo o art. 9 “A prestación dos servizos que a continuación se numeran serán obrigatorios e vinculantes para os concellos mancomunados:

1. Prevención e extinción de incendios.

2. Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Así mesmo, no referente ás atribucións dos órganos de Goberno reflectidas no capítulo II, artigo 12 b) dos ditos estatutos correspóndelle á asemblea a aprobación de regulamentos e ordenanzas.

## Artigo 3. Réxime xurídico

1. O réxime xurídico da concesión das axudas de emerxencia social rexerase polo disposto nesta ordenanza, bases de execución dos orzamentos da Mancomunidade Terra de Celanova para cada exercicio económico.

2. Tamén serán de aplicación para todo o non establecido, as disposicións contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## Capítulo II

### As axudas de emerxencia social

## Artigo 4. Concepto

Considéranse axudas de emerxencia social, para os efectos da presente ordenanza, aquelas prestacións económicas de pago único e carácter extraordinario destinadas a atender situacións puntuais de emerxencia que afecten a persoas ou familias ás que sobreveñan situacións de necesidade que non lles permitan facer fronte aos gastos máis imprescindibles.

## Artigo 5. Finalidade

Dispensarlles unha atención básica e urxente ás persoas ou familias no momento en que as situacións puntuais de emerxencia se produzan.

## Artigo 6. Natureza

A natureza da Axuda de Emerxencia Social é a dunha subvención de carácter directo e, como tal, condicionada ás dispoñibilidades económicas existentes en cada exercicio orzamentario.

## Artigo 7. Características

As axudas de emerxencia social reguladas nesta ordenanza caracterízanse por:

- O seu carácter finalista; deberán destinarse para satisfacer a necesidade especificamente sinalada na resolución de recoñecemento da axuda, feito que debe quedar acreditado.



- O seu carácter subsidiario, respecto doutras prestacións económicas recoñecidas ou recoñecibles segundo a lexislación vixente.

- O seu carácter personalísimo e intransferible.

- O seu carácter puntual e non periódico.

## Artigo 8. Situacións puntuais de emerxencia

Para os efectos desta ordenanza, considéranse situacións puntuais de emerxencia susceptibles de seren atendidas mediante unha axuda de emerxencia social as seguintes:

As derivadas de gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento

Necesidade de vivenda ou aloxamento.

Gastos necesarios para conservar o uso da vivenda ou aloxamento, sexa cal for a causa que os xere: situacións de emerxencia (tales como desafiuzamento) ou de sinistro (tales como incendio, inundación, ruína); ou outras causas imprevisibles e/ou inevitables que obrigan o seu abandono.

Obras ou arranxos de carácter básico que resulten imprescindibles para que a vivenda poida seguir mantendo as condicións mínimas necesarias para servir ao uso a que se destina.

Gastos de mobiliario esencial e imprescindible, tales como frigorífico, lavadora, cociña, colchón, cama, roupa de abrigo para a mesma...

Fianzas para alugamentos.

Mensualidades do alugamento.

Mensualidades da hipoteca.

Auga, enerxía eléctrica, gas ou outros subministracións esenciais.

As derivadas das necesidades básicas de subsistencia:

Alimento.

Vestido.

Gastos sanitarios e farmacéuticos non cubertos polos diferentes sistemas públicos e que fosen de vital necesidade a xuízo de facultativo.

As relacionadas coa atención aos/ás menores:

Comedor escolar.

Libros e material escolar.

Actividades extraescolares.

Outros gastos relativos á educación dos menores da unidade familiar en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas e foran fundamentais para a continuidade da súa asistencia.

Outras non relacionadas nos apartados anteriores, consideradas de primeira e urxente necesidade, sempre que así se xustifique suficientemente no informe social elaborado para o efecto.



## Artigo 9. Contía das axudas

Tipo de axuda	Descrición e contías		Límite anual
Manutención / subsistencia	De 1 a 3 persoas	400,00 €	Período dun ano: o límite da axuda en relación co número de membros da unidade de convivencia, cun máximo de dous pagos anuais.
	4 - 5 persoas	500,00 €	
	6 E máis persoas	600,00 €	
Vivenda subministracións (luz, gas, gasóleo, auga...)	<p>Importe da factura do gasto para o que se solicita a axuda.</p> <p>Os/as solicitantes que cumpran os requisitos necesarios deberán solicitar as bonificacións correspondentes.</p>		<p>Máximo anual 600 €.</p> <p>Recibos de subministracións (luz, gas). Pago ás subministradoras, excepcionalmente ao/á solicitante.</p>
Vivenda / alugamento / fianza	Non poderán ter mais de dous meses de débeda.		Máximo anual axuda: 450 €. Pago ao/á arrendador/a da vivenda/habitación.
Vivenda: reparacións, adquisición de equipamento básico.			Terase que presentar polo menos dous orzamentos. Máximo 400 €.
Aloxamento urxente	Aloxamento e manutención en hostais e pensións por motivos de urxencia, cando non exista outra posibilidade de aloxamento alternativo ao domicilio habitual ou á espera de ingreso nun centro público.		Período dun ano: máximo unha semana.
Alimentación infantil e comedor escolar	Axudas para a alimentación destinadas aos/ás menores. Inclúense neste epígrafe as axudas relacionadas coa hixiene dos/as menores de un ano.		<p>Período dun ano: 300 € por menor.</p> <p>No caso de comedores escolares, os/as solicitantes terán que ter solicitado previamente as axudas establecidas pola comunidade autónoma.</p>
Escolarización infantil			<p>O máximo anual será de 300 €.</p> <p>Os/as solicitantes terán que ter solicitado previamente as axudas establecidas pola comunidade autónoma.</p>
Axudas para participar en actividades de ocio e culturais	Durante as vacacións escolares		Máximo: 150 € por menor.



Transporte/desprazamento	Valorarase a contía en función do motivo para o que se solicita a axuda.	Apoio formación, apoio busca e incorporación ao emprego, para participantes en programas de orientación emprego, traslados recursos de aloxamentos.  Importe de referencia: o importe máximo anual será o equivalente a 3 abonos mensuais de tipo normal correspondentes á zona de residencia.  Por motivos orzamentarios, as axudas de apoio á formación e emprego poderanse suspender, e só se lles dará cobertura ás necesarias para acudir a tratamentos médicos e xestión documental.
Apoio á integración	Gastos extraordinarios relacionados coa formación, o coidado e a garda de menores. Recóllese o pago de taxas imprescindibles para a obtención da documentación.	Período de un ano: máximo 300 € xestión documental (cando sexa necesario para o acceso a prestacións).
Saúde/medicinas	Presentarán a prescrición facultativa no caso de medicamentos, e custo destes.  Tratamentos de saúde bucodental non cubertos polo sistema de saúde, dous orzamentos.  Lentes, dous orzamentos.	Tratamentos: máximo anual 300 €

## Artigo 10. Abono das axudas

O abono das axudas será efectuado polos servizos económicos, mediante transferencia á conta bancaria designada pola persoa beneficiaria, con cargo á partida destinada a este fin e co límite dos créditos consignados nela.

## Capítulo III. Beneficiarios/as

### Artigo 11. Concepto

1. Poderán ser beneficiarios/as das axudas de emerxencia social, para si ou para a súa unidade familiar de convivencia, as persoas físicas que se atopen empadroadas nalgún concello integrante da Mancomunidade Terra de Celanova de forma ininterrompida, cunha antelación mínima de 6 meses á data de presentación da solicitude, sempre que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 12 e 13 desta ordenanza. Excepcionalmente, poderase conceder axuda económica, aínda que non exista empadroamento, en situacións acreditadas de grave necesidade ou cando se estea



atravesando unha situación que, polo seu carácter de urxencia, desprotección, etc., requira dunha intervención inmediata, sempre e cando resulte acreditada a residencia no municipio.

2. Enténdese por unidade familiar de convivencia a formada por persoas unidas por vínculos de consanguinidade ou afinidade, sempre que convivan no mesmo domicilio.

## Artigo 12. Requisitos xerais

Ser maior de idade ou menor emancipado/a.

Estar empadroado/a nalgún concello integrante da Mancomunidade Terra de Celanova de forma ininterrompida cunha antelación mínima de 6 meses á data de presentación da solicitude. Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias as persoas que non cumpran este requisito, tras un informe previo do/a traballador/a social do Concello, sempre que a gravidade ou urxencia da situación fagan necesaria esta axuda.

Non ter sido ningún membro da unidade familiar de convivencia beneficiario dunha axuda de emerxencia social para a mesma finalidade, dentro do mesmo exercicio económico (agás o disposto para as necesidades básicas de subsistencia).

Non ter sido ningún membro da unidade familiar de convivencia beneficiario de axudas concedidas por outra Administración pública, organismo ou entidade, para a mesma finalidade, dentro do mesmo exercicio económico, que cubran o 100% da necesidade pola que se solicita a prestación.

Acreditar a situación de necesidade a xuízo dos servizos sociais comunitarios.

Carecer de medios económicos para lle facer fronte á situación de emerxencia, de conformidade cos baremos establecidos no artigo seguinte.

Presentar a documentación que sexa pertinente en cada caso.

## Artigo 13. Requisitos económicos

1. Considérase carencia de medios económicos, para os efectos do establecido no artigo 12.6 desta ordenanza cando os recursos económicos netos mensuais (unha vez descontados, no seu caso, os gastos derivados do préstamo hipotecario ou alugueiro da vivenda, ata un máximo de 300 euros/mes) non sexan superiores ao 75% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) para un só membro; incrementaranse nun 10 % do IPREM por cada membro da unidade familiar a partir do segundo:

unidade familiar de 2 membros: 85% do importe do IPREM

unidade familiar de 3 membros: 95% do importe do IPREM

unidade familiar de 4 membros: 105% do importe do IPREM

unidade familiar de 5 membros: 115% do importe do IPREM; e así sucesivamente

2. Tomaranse como referencia para facer o cálculo os tres meses anteriores á data de presentación da solicitude, nos que non se poderán superar estes límites.

3. O saldo medio das contas bancarias nos últimos 3 meses non poderá superar 3 veces o IPREM. Esta circunstancia poderá excepcionalmente se así se recolle no informe social por motivos debidamente xustificadas e acreditadas.



## Artigo 14. Obrigas dos beneficiarios/as

Son obrigas dos/as beneficiarios/as dunha axuda de emerxencia social as seguintes:

- Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
- Comunicar os cambios que teñan lugar en relación co cumprimento dos requisitos xerais e/ou económicos.
- Facilitar o labor dos servizos sociais comunitarios con canta información sexa necesaria para elaborar os informes sociais que resulten procedentes, mantendo en todo momento unha actitude colaboradora.
- Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou a contía indebida.

## Artigo 15. Incompatibilidades

1. Ningunha persoa poderá ser beneficiaria de máis dunha prestación económica para a mesma finalidade calquera que sexa o organismo, entidade ou Administración pública, outorgante. Exceptúase o suposto de que as prestacións recibidas doutras administracións públicas non cubran a totalidade da necesidade para a que se solicitou a axuda, en cuxo caso se poderá outorgar unha axuda municipal para a mesma finalidade, pero só pola parte correspondente ao importe non cuberto.

2. Si será compatible o disfrute polo beneficiario/a de máis dunha prestación económica cando estas atendan a distintas finalidades, ben sexan concedidas por esta ou por distintas administracións públicas.

## Capítulo IV. Normas de procedemento

### Sección primeira—Inicio

## Artigo 16. Solicitudes

1. As solicitudes irán dirixidas ao presidente, segundo o modelo establecido no Anexo I (que incluírá a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social); e presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidade, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes irán asinadas polo/a interesado/a ou polo seu ou a súa representante legal e poderán presentarse en calquera momento do ano.

## Artigo 17. Documentación

1. A documentación que se deberá de presentar xunto coa solicitude é a seguinte (Anexo II):

Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte dos membros da unidade familiar de convivencia que o posúan.

Fotocopia do libro de familia, se é o caso.

Certificado de empadramento do/a solicitante, no que se acredite unha antigüidade mínima e ininterrompida de 6 meses anteriores á formulación da solicitude.

Certificado de convivencia a nome do/a solicitante.



Declaración responsable das axudas e importes recibidos para as mesmas finalidades (ou de non ter recibido ningunha), así como compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que resulte concedida, segundo o modelo establecido no Anexo III.

Orzamento correspondente á solicitude da axuda, no seu caso.

No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade deberán presentar o certificado do grao de discapacidade ou informes do Sistema Público de Saúde, onde se acrediten estas.

No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a denuncia ou o documento acreditativo correspondente.

No caso de separación ou divorcio, deberá presentar a documentación acreditativa da situación, e de ser o caso, de pensións alimenticias e compensatorias.

No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá achegar a receita médica do Sergas e a documentación acreditativa da farmacia en que se indique a achega que ten que asumir o/a interesado/a.

No caso de solicitar axudas para facer fronte a situacións de emerxencia derivadas de gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento: unha fotocopia do contrato de alugamento, xunto coa declaración responsable do/a propietario/a da vivenda na que se acredite a existencia dunha débeda e o importe desta; xustificante da cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso; xustificante acreditativo dos gastos de mantemento da vivenda pendentes de pago; orzamento do material e/ou de calquera outro equipamento obxecto da axuda que se constate necesario.

Declaración xurada de ingresos, así como do patrimonio de todos os membros da unidade familiar de convivencia segundo o modelo establecido no Anexo IV. A dita declaración irá acompañada da seguinte documentación:

- Cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso ou do importe do alugamento da vivenda.
- Fotocopia da última declaración do IRPF, e no caso de non ter que presentala, certificación negativa de IRPF; ou ben, autorización para acceder aos datos do IRPF.
- No caso de persoas en situación de desemprego, unha copia da súa tarxeta de demandantes de emprego e certificado de prestacións de desemprego; ou no seu defecto, certificado negativo emitido polo INEM.
- Vida laboral do/a solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 16 anos.
- Copia do contrato de traballo dos membros que se atopen desempeñando unha actividade laboral remunerada de forma regular e copia da última nómina.
- Certificado de pensión emitido polo organismo competente para os membros da unidade familiar de convivencia que sexan beneficiarios dalgún tipo de prestación do sistema.
- Copia ou certificación bancaria onde o/a solicitante conste como titular dun número de conta e movementos bancarios dos últimos 3 meses.
- Outros documentos específicos segundo as circunstancias da necesidade.



2. Todos os documentos que se presenten coas solicitudes deberán de ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

3. Os servizos sociais comunitarios poderán solicitar do/a interesado/a calquera outro documento que consideren necesario para a adecuada valoración e/ou resolución do expediente.

4. Garantirase a confidencialidade dos datos e o seu procesamento adecuado, e deberá respectarse, en todo caso, o disposto na Lei orgánica de protección de datos.

## Sección segunda–tramitación

### Artigo 18. Emenda de documentación

1. A solicitude, unha vez rexistrada, trasladarase ao Departamento de Servizos Sociais da Mancomunidade

2. Se a solicitude non reúne os datos e documentos aludidos anteriormente requirirase o/a interesado/a para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou presentar os documentos preceptivos, con indicación de que se así non se fixer, teráselle por desistido da súa petición, e archivarase esta sen máis trámite, nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### Artigo 19. Estudo da solicitude

1. A solicitude e documentación presentada será estudada polo/a traballador/a social da Mancomunidade, que emitirá un informe social, no que se manifestará se o/a interesado/a cumpre ou non cos requisitos sinalados para percibir unha axuda municipal de emerxencia social, de conformidade co disposto nos artigos 12 e 13 desta ordenanza.

2. En caso de que cumpra os requisitos sinalados, será valorada a solicitude pola Comisión Técnica de Servizos Sociais creada polo Pleno do 19 de outubro de 2023.

3. En caso de que non cumpra os requisitos sinalados, rexeitarase a solicitude e indicaranse os motivos do rexeitamento.

### Artigo 20. Valoración da solicitude

1. A concesión ou denegación da axuda correspóndelle á Comisión Técnica de Servizos Sociais creada polo Pleno da Mancomunidade do 19 de outubro de 2023, sendo as funcións de esta no referido as axudas de emerxencia Social :

- Resolver sobre o cumprimento polo solicitante dos requisitos de concesión, á vista do informe a que se refire o artigo 19.

- Valorar as solicitudes, segundo o disposto no artigo 20.

- Elaborar as propostas de resolucións.

- Resolver as reclamacións que se presenten ante a Comisión e realizar as aclaracións que lle sexan requiridas.

2. Unha vez valorada a solicitude, a Comisión elaborará unha proposta de concesión ou denegación das axudas, e deberá fundamentalo debidamente en ambos os casos. Na proposta de resolución, quedarán reflectidos, como mínimo, os seguintes extremos:

- Identificación do/a solicitante.



- Xustificación motivada da concesión ou denegación desta.
- Finalidade para a que se concede a axuda.
- Contía da axuda.
- Forma de pago e n.º de conta de ingreso.

3. Unha vez completado o expediente, tras a fiscalización previa da Intervención, remitirase ao órgano que resulte competente para resolvelo, de conformidade co disposto nas bases de execución do orzamento da Mancomunidade .

## Sección terceira–resolución

### Artigo 21. Resolución do expediente

1. As resolucións das axudas serán notificadas conforme o legalmente establecido. Cando a resolución da axuda sexa de concesión, realizarase o seu pagamento ben por orde de transferencia bancaria ben ao/á solicitante ou, se é o caso, ao/á provedor/a do ben ou servizo (farmacias, comedores escolares, etc.). Poderanse realizar pagamentos a través dun endosatario cando, por razóns debidamente xustificadas que deberán ser recollidas na proposta de concesión, non sexa posible realizarlle a transferencia bancaria ao beneficiario ou beneficiaria da axuda. Neste suposto, deberase incorporar no expediente unha autorización asinada polo/a beneficiario/a da axuda coa conformidade da persoa endosataria.

2. Na resolución ditada polo órgano competente, quedarán reflectidos, como mínimo, os mesmos extremos recollidos para a proposta de resolución no artigo 20.2, xunto coa obriga do beneficiario/a de presentar a documentación xustificativa do gasto e o prazo establecido para iso.

### Artigo 22. Denegación da prestación

A denegación das axudas, que deberá ser motivada, procederá por algunha das seguintes causas:

- Poder satisfacer adecuadamente as necesidades por si mesmo e/ou co apoio do resto dos membros da unidade familiar de convivencia.
- Corresponder a competencia para a concesión da axuda a outra Administración pública.
- Por constar no seu expediente persoal o non ter cumprido coas obrigas esixidas noutras ocasións en que se concedesen axudas.
- Por calquera outra causa debidamente motivada.

### Artigo 23. Crédito dispoñible

O/a responsable do programa realizará un calendario anual en que se recollerán as datas das semanas en que se realizará a proposta e tramitación de axudas, e asignaráselle a cada unha delas o crédito máximo que se pode conceder, de forma que exista orzamento dispoñible ao longo de todo o exercicio orzamentario. Esta asignación de crédito poderase modificar se se modifica, á súa vez, o orzamento anual consignado.



## Capítulo V. Desistencia e renuncia

### Artigo 24. Desistencia da solicitude ou renuncia da axuda recoñecida

1. A persoa solicitante poderá desistir da súa solicitude ou renunciar ao seu dereito á axuda recoñecida mediante un escrito dirixido á Mancomunidade, no que indicará as circunstancias que concorran.

2. A Mancomunidade ditará a resolución que corresponda e será de aplicación o disposto nos artigos 90 e 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## Capítulo VI

### Control, xustificación e reintegro das axudas

#### Artigo 25. Control das axudas

Os servizos sociais comunitarios serán os encargados do seguimento das situacións de necesidade polas que se conceden as axudas de emerxencia social, así como de realizaren as comprobacións que consideren oportunas respecto das actividades subvencionadas. Para iso, terán dereito ao acceso a toda a documentación xustificativa destas, así como a requirir os beneficiarios, nos termos que sexan pertinentes, para o adecuado exercicio da súa función, todo iso de conformidade co disposto no Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 26. Xustificación das axudas

1. Con carácter xeral, a xustificación das axudas realizarase de xeito previo ao seu pago, mediante a presentación das facturas, recibos ou xustificantes que acrediten de forma fidedigna os gastos realizados. As facturas, recibos ou xustificantes deberán presentarse orixinais; en caso de ser copias, deberán ir debidamente compulsadas.

2. A xustificación das axudas poderá ser posterior á percepción do pago cando concorran circunstancias graves ou urxentes que aparezan reflectidas na correspondente proposta de resolución. Neste caso, a persoa beneficiaria xustificará a axuda ante a Mancomunidade, na forma establecida no apartado 1, nun prazo máximo dun mes desde a recepción do importe.

3. Unha vez transcorrido o prazo establecido no apartado 2 sen ter xustificada a axuda concedida, terá lugar o seu reintegro segundo o disposto no artigo seguinte, salvo concesión de prórroga outorgada por pedimento do/a interesado/a, para supostos excepcionais, e antes de que remate o prazo de xustificación. En calquera caso, as xustificacións deberán presentarse antes do 31 de decembro do ano actual.

#### Artigo 27. Reintegro das axudas

Procederá o reintegro das cantidades obtidas en concepto de Axuda Municipal de Emerxencia Social, coa esixencia do xuro de mora establecido legalmente, nos seguintes casos:

Falsear ou ocultar datos que determinasen a denegación da axuda.

Destinar a axuda a outros fins distintos de aqueles que se especificasen na resolución de concesión.



Non xustificar o destino da axuda na forma establecida no artigo anterior ou xustificar fóra de prazo.

Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.  
Incumprimento total ou parcial das condicións establecidas.

A duplicidade de axudas para unha mesma finalidade, agás nos supostos excepcionados na propia ordenanza.

Nos demais supostos recollidos na lexislación reguladora de subvencións.

2. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación concederáselle ao/á interesado/a un prazo de audiencia de 15 días.

3. Unha vez finalizado o prazo de audiencia, o órgano correspondente, tras os informes previos oportunos, ditará unha resolución en que acorde a procedencia ou improcedencia do reintegro.

4. As cantidades que se reintegrarán terán a consideración de créditos de dereito público, e resultará de aplicación, para a súa cobranza, o establecido no Regulamento xeral de recadación.

## Capítulo VII

### Réxime sancionador

#### Artigo 28. Infraccións e sancións

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## Capítulo VIII

### Réxime de recursos

#### Artigo 29. Recursos

Contra a resolución de concesión ou denegación de axudas, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer ou recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte a aquel en que recibise esta notificación, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, que contarán desde o seguinte á data en que recibise esta notificación. Tamén poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

### Disposicións finais

Primeira. Habilítase a Presidencia para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Segunda. En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles establecido no artigo 65.2 do citado texto legal.



Membros da unidade familiar de convivencia distintos do/a solicitante					
Datos persoais	1.º	2.º	3.º	4.º	5.º
Nome					
1.º apelido					
2.º apelido					
Parentesco					
Data de nacemento					
NIF					
Outros datos					

## EXPOÑO:

Que **SOLICITO** unha axuda de emerxencia social en contía de ..... euros

En concepto de: (marque cun X segundo corresponda)

- Gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento
- Necesidade de vivenda ou aloxamento
- Gastos necesarios para conservar o uso da vivenda ou aloxamento, sexa cal for a causa que os xere: situacións de emerxencia (tales como desafiuzamento) ou de sinistro (tales como incendio, inundación, ruína); ou outras causas imprevisibles e/ou inevitables que obrigasen ao seu abandono.
- Obras ou arranxos de carácter básico que resulten imprescindibles para que a vivenda poida seguir mantendo as condicións mínimas necesarias para servir ao uso a que se destina.
- Gastos de mobiliario esencial e imprescindible, tales como frigorífico, lavadora, cociña, colchón, cama, roupa de abrigo para a mesma...
- Fianzas para alugamentos.
- Mensualidades do alugamento.
- Mensualidades da hipoteca.
- Auga, enerxía eléctrica, gas ou outros subministracións esenciais.
- Necesidades básicas de subsistencia:

Alimento.

Vestido.





Gastos sanitarios e farmacéuticos non cubertos polos diferentes sistemas públicos e que fosen de vital necesidade a xuízo de facultativo.

- Atención aos/ás menores.

Comedor escolar.

Libros e material escolar.

Actividades extraescolares.

Outros gastos relativos á educación dos menores da unidade familiar en idade escolar, sempre que non estivesen cubertos por outras axudas públicas e fosen fundamentais para a continuidade da súa asistencia.

- Outras non relacionadas nos apartados anteriores, consideradas de primeira e urxente necesidade, sempre que así se xustifique suficientemente no informe social elaborado para o efecto.

.....

## DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que son certos os datos os datos que figuran na solicitude.

Que cumpro os esixidos para ser beneficiario dunha axuda municipal de emerxencia social.

Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

....., ..... de ..... de 20.....

A/A PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA

(MARQUE CUN X A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA, SEGUNDO O QUE CORRESPONDA)

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte de todos/as os/as membros da unidade familiar de convivencia que o posúan.

- Fotocopia do Libro de familia, se é o caso.

- Certificado de empadramento do/a solicitante, no que se acredite unha antigüidade mínima e ininterrompida de 6 meses anteriores á formulación da solicitude.

- Certificado de convivencia a nome do/a solicitante.





- Declaración responsable das axudas e importes recibidos para as mesmas finalidades (ou de non ter recibido ningunha), así como compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que resulte concedida, segundo o modelo establecido no Anexo III.
- Orzamento correspondente á solicitude da axuda, no seu caso.
- No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade deberán presentar o certificado do grao de discapacidade ou informes do Sistema Público de Saúde, onde se acrediten estes.
- No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a denuncia ou documento acreditativo correspondente.
- No caso de separación ou divorcio, deberá presentar a documentación acreditativa da situación, e de ser o caso, de pensións alimenticias e compensatorias.
- No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá achegar unha receita médica do Sergas e a documentación acreditativa da farmacia onde se indique a achega que ten que asumir o/a interesado/a.
- No caso de solicitar axudas para facer fronte a situacións de emerxencia derivadas de gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento: unha fotocopia do contrato de alugamento, xunto coa declaración responsable do/a propietario/a da vivenda na que se acredite a existencia dunha débeda e o importe desta; xustificante da cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso; xustificante acreditativo dos gastos de mantemento da vivenda pendentes de pago; orzamento do material e/ou de calquera outro equipamento obxecto da axuda que se constate necesario.
- Declaración xurada de ingresos, así como do patrimonio de todos/as os/as membros da unidade familiar de convivencia segundo o modelo establecido no Anexo IV, xunto coa documentación establecida para presentar xunto con esta.
- Copia ou certificación bancaria onde o/a solicitante conste como titular dun número de conta.
- Movementos bancarios dos últimos 3 meses de todos os membros da unidade familiar.
- Outros documentos específicos segundo as circunstancias da necesidade:

.....  
.....  
.....

....., ..... de ..... de .....

A/A PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA





Nome e apelidos .....

con DNI .....

SOLICITANTE dunha axuda de emerxencia social da Mancomunidade Terra de Celanova,

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- Que non recibín axuda para a mesma finalidade por parte doutro organismo, entidade ou Administración pública.

- Que si recibín unha axuda para a finalidade de .....

por importe de .....€, en data,..... por parte de .....

.....  
(indique o organismo, entidade ou Administración pública de que se trate).

Asemade, **COMPROMÉTOME**, no caso de concesión da axuda de emerxencia social, a:

- Cumprir as obrigas establecidas nesta ordenanza como destinatario/a desta.
- Comunicarlles aos servizos sociais comunitarios, coa maior brevidade posible, todas aquelas variacións que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Destinar a cantidade percibida á finalidade para a que foi concedida; ou a reintegrar o seu importe en caso contrario.
- Permitir e facilitar a actuación dos servizos sociais comunitarios para a realización das funcións atribuídas nesta ordenanza.

....., ..... de ..... de .....

A/A PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA





Nome e apelidos .....

con DNI .....

SOLICITANTE dunha axuda de emerxencia social da Mancomunidade Terra de Celanova,  
**DECLARO** BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que os ingresos e o patrimonio dos/as membros da unidade familiar de convivencia son os seguintes:

NOME E APELIDOS DOS/AS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA	PARENTESCO	IDADE	INGRESOS *	PATRIMONIO

(\*Deberá indicar os ingresos netos mensuais nos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude).

Deberá presentar xunto co presente anexo a seguinte documentación:

- Cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso ou importe do alugamento da vivenda
- Fotocopia da última declaración do IRPF, e no caso de non ter que presentala, certificación negativa de IRPF; ou ben, autorización para acceder aos datos do IRPF.

No caso de persoas en situación de desemprego, unha copia da súa tarxeta de demandantes de emprego e certificado de prestacións de desemprego; ou, no seu defecto, certificado negativo emitido polo INEM.

- Vida laboral do/a solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 16 anos.
- Copia do contrato de traballo dos membros que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada de forma regular e unha copia da última nómina.
- Certificado de pensión emitido polo organismo competente para os/as membros da unidade familiar de convivencia que sexan beneficiarios dalgún tipo de prestación do sistema.

..... de ..... de .....

A/A PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA



Segundo. Someter a dita ordenanza municipal a información pública e audiencia dos/as interesados/as, con publicación no taboleiro de anuncios do Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da ordenanza municipal no portal web da Mancomunidade [www.terradecelanova.es](http://www.terradecelanova.es) co obxecto de darlles audiencia aos cidadáns e cidadás afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facer por outras persoas ou entidades.

Terceiro. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o acordo de aprobación definitiva tácita da ordenanza, co texto íntegro desta, publicarase, para o seu xeral coñecemento, no taboleiro de anuncios da Mancomunidade e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica desta Mancomunidade <https://terradecelanova.sedelectronica.gal>

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a considerada como definitiva da aprobación inicial, así como unha copia íntegra autenticada.

Cuarto. Facultar o/a presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

Contra o presente acordo, interporase un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

**R. 3.449**

